



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



DEPORTE
GALEGO

galicia

Xacobeo 21-22



FEDERACIÓN GALEGA
DE AUTOMOBILISMO



CONCELLO DE
FORCAREI



Regulamento particular
PROBA: 1ª COPA DE INVERNO
CONCELLO DE FORCAREI

DATA: 5 e 6 de Novembro de 2022



LeCONT



FEDERACION GALEGA
DE AUTOMOBILISMO



FORMULA⁰
OUTDOOR KARTING



FEDERACION GALEGA DE
AUTOMOBILISMO
ESTRADA DE VIGO, 43-BAIXO – O PINO
32001 OURENSE
TFO. 988 272841 – FAX 988 271461
<http://www.fga.es>
E-mail: fga@fga.es

www.fga.es

Ben Feito na Galicia



REGULAMENTO PARTICULAR

A) CAPITULO I

Art. 1.- DEFINIÇÃO DA PROBA

Slow Rabbit Galicia organiza con Escudería Amoeiro a 1ª COPA DE INVERNO CONCELLO DE FORCAREI os días 5 e 6 de Novembro de 2022 a proba é puntuable para os seguintes certames:

- Campionato Xunta de Galicia Rookies
- Campionato Xunta de Galicia Alevín/Vortex
- Campionato Xunta de Galicia Cadete/Mini/Rotax
- Campionato Xunta de Galicia Electric Cadete
- Campionato Xunta de Galicia X-30 (Junior-Senior)
- Campionato Xunta de Galicia Electric X-30
- Campionato Xunta de Galicia ROTAX (Junior-Senior)
- Campionato Xunta de Galicia ROTAX (DD2-MR1)
- Campionato Xunta de Galicia 4 TEMPOS.
- Campionato Xunta de Galicia KZ2 (Ata 30 anos-Máis de 30 anos).

Art. 2.- ORGANIZACIÓN

2.1. Serán de aplicación por orde de prelación:

- Prescricións Comúns de Campionatos, Copas, e Trofeos.
- Regulamento Deportivo de Karting da FGA.
- Regulamento Técnico de Karting da FGA.
- O presente Regulamento Particular.

2.2. Os Estatutos, o Regulamento de Réxime Disciplinario da F.G. de A., e o C.D.I., serán de aplicación con carácter prioritario nos aspectos xerais de procedemento, nas reclamacións e nas apelacións, por orde correlativa.

Tódolos concursantes, e participantes, comprométense a respectar estes Regulamentos polo mero feito da súa inscrición no meeting e de estar en posesión dunha licenza federativa.

Art. 3.- SEGUROS

A organización contratará unha póliza de seguro obrigatorio, e de responsabilidade civil, coas coberturas mínimas esixidas pola Federación Galega de Automobilismo, e a lexislación vixente en materia de seguros de probas deportivas.

Art. 4.- INFORMACIÓN ESPECÍFICA DA PROBA

NOME DA PROBA:

1ª COPA DE INVERNO CONCELLO DE FORCAREI

AUTORIDADE DEPORTIVA

FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO

Crta. De Vigo, 43-baixo.

32001-OURENSE

Telf.: 988 272841

Fax: 988 271461

CLUB ORGANIZADOR:

SLOW RABBIT GALICIA

Teléfono: **646220521**

e-mail: escuderiaslowrabbit@gmail.com

CIRCUITO:

Circuito permanente de A MAGDALENA

Lonxitude: 1.100 metros

Ancho: 10 metros

Sentido de xiro: HORARIO



Distancia da Proba:

CATEGORIA	CARREIRA 1	CARREIRA 2
ROOKIES	7	7
ALEVIN-VORTEX	11	11
CADETE/MINI/ELECTRIC CD/Rotax	11	11
X30 (Junior-Senior)/ELECTRIC X30	12	12
ROTAX (Junior-Senior)	12	12
ROTAX (DD2-MR1)	12	12
4 TEMPOS	12	12
KZ2 (ATA 30 ANOS-MAIS DE 30 ANOS)	12	12



NÚMERO DE KARTS ADMITIDOS POR CATEGORIA:

Nos adestramentos: 34

Nas mangas: 34

As inscricións serán admitidas según rigoroso orde de recepción.

HORARIOS:

DATA	HORARIO	PROGRAMA	LUGAR	
18/10/2022	09:00	Apertura inscricións	Slow Rabbit Galicia Tfno: 646220521 E-mail: escuderiaslowrabbit@gmail.com http://www.fga.es/	
30/10/2022	20:00	Peche inscricións		
03/11/2022	11:00	Publicación inscritos		
06/11/2022 (DOMINGO)	08:30	Verificacións Administrativas	Circuíto de A MAGDALENA	
	09:00	Publicación autorizados a toma-la saída		
	09:15	Breafing		
	09:30 a 11:00	Adestramentos LIBRES		
		9:30 KZ2		
		9:45 4 TEMPOS		
		10:00 X30/ROTAX/ELECTRIC X30		
		10:15 CADETE/MINI/ELECTRIC CD/ROTAX		
	10:30 ALEVÍN-VORTEX			
	10:45 ROOKIES			
11:00 a 12:30	Adestramentos OFICIAIS			
	11:00 KZ2			
	11:15 4 TEMPOS			
	11:30 X30/ROTAX/ELECTRIC X30			
	11:45 CADETE/MINI/ELECTRIC CD/ROTAX			
12:00 ALEVÍN/VORTEX				
12:15 ROOKIES				
12:30 a 14:00	CARREIRA 1			
	12:30 ROOKIES			
	12:45 ALEVÍN/VORTEX			
	13:00 CADETE/MINI/ELECTRIC CD/ROTAX			
	13:15 X30/ROTAX/ELECTRIC X30			
13:30 4 TEMPOS				
13:45 KZ2				
14:00 a 15:30	CARREIRA 2			
	14:00 ROOKIES			
	14:15 ALEVÍN/VORTEX			
	14:30 CADETE/MINI/ELECTRIC CD/ROTAX			
	14:45 X30/ROTAX/ELECTRIC X30			
15:00 4 TEMPOS				
15:15 KZ2				
A continuación	Verificacións técnicas finais obrigatorias ó término de cada manga final			
	Entrega de Trofeos			

Ningún piloto que estea inscrito nunha proba, poderá adestrar na semana anterior (en curso), ó da celebración da proba de karting.

Nota: Levantamento vehículos parque de custodia-parque de traballo (unificados ou individuais): Ós trinta minutos da publicación oficial da clasificación. Por ilo, ao deviñer en firme a mesma, **autorízase a tódolos participantes a sacalos vehículos,** sen ter que esperar ás entregas de premios.



FEDERACIÓN GALEGA
DE AUTOMOBILISMO

Art. 5.- OFICIAIS DA PROBA

Presidente Comité Organizador:

D. JOSE L. ECHEVARRÍA ALVAREZ DC1ª-0111-GA-AUT

Comisarios Deportivos:

Presidente: D. JOSE L. ECHEVARRÍA ALVAREZ DC1ª-0111-GA-AUT

D. ANTONIO PEREZ CID DC1ª-0023-GA-AUT

D. FRANCISCO JAVIER RIAÑO LUEIRO DC1ª-0019-GA-AUT

Director da Carreira:

D. VICENTE A. VAZQUEZ GOMEZ DC1ª-0057-GA-AUT

Observador da F.G. de A.:

D. JOSE A. PENEDO MARNOTES OBS-0008-GA-AUT

Relación cos Participantes:

Dna. ANA ISABEL LOPEZ MARTINEZ DC1ª-0112-GA-AUT

Comisario Técnico:

D. HUGO FILIPE DA SILVA MARQUES JOC1ª-0113-GA-AUT

Cronometradores:

D. JOSE A. PENEDO MARNOTES JOB-0008-GA-AUT

Xefe de Boxes:

Dna. Mª. JESUS IGLESIAS FERNANDEZ DC1ª-0020-GA-AUT

Comisarios de Ruta:

D. ANXO CASTRO IGLESIAS OD-0552-GA-AUT

D. RUBEN REBORIDO REBOREDO OD-0553-GA-AUT

Dª. ESMERALDA GARCIA AMADO OD-0554-GA-AUT

Servizos Médicos (Team Medical Galicia).

Nota: En cumprimento da nova normativa de expedición de licenzas, o resto dos oficiais da proba comunicaranse en COMPLEMENTO, antes da celebración da proba. Tódolos oficias estarán considerados como Xuíces de Feitos (o resto de oficiais que actúen na proba, serán relacionados neste regulamento ou anexo ó mesmo, debendo figurar coa función a desenrolar e o seu número de licenza)

CAPITULO II

Art. 1.- PARTICIPANTES ADMITIDOS

ROOKIES/ALEVIN/VORTEX: Pilotos con licenza AL-****-GA

CADETE/MINI/ROTAX Pilotos con licenza AL/CD-****-GA

X-30 Junior Pilotos con licenza JR-****-GA

ROTAX Junior Pilotos con licenza JR-****-GA

X-30 Senior Pilotos con licenza SR-****-GA

ROTAX Senior Pilotos con licenza SR-****-GA

ROTAX (DD2-MR1) Pilotos con licenza SR-****-GA

KZ2 Pilotos con licenza SR-****-GA

4 TEMPOS Pilotos con licenza SR-****-GA

Os Concursantes, deberán estar en posesión da Licenza de "concurante" correspondente. As persoas indicadas, polos concursantes/pilotos para axudar nos Parques ou Preparilla, deberán posuír Licenza de Asistencia obrigatoriamente. Todo piloto que sexa axudado por outra persoa que non estea debidamente licenciada será excluído.

Art. 2.- KARTS ADMITIDOS

Serán admitidos os karts, e o material que figura nos Regulamentos publicados ó efecto pola Federación Galega de Automobilismo.

Art. 3.- INSCRICIONS

Toda persoa que desexa participar na proba **1ª COPA DE INVERNO CONCELLO DE FORCAREI** deberá remiti-lo abono da inscrición, debidamente cumprimentado, a:

SLOW RABBIT GALICIA

e-mail: escuderiaslowrabbit@gmail.com

Teléfono: 646220521

ANTES DAS 20 HORAS DO DÍA 30 de Outubro de 2022.



IMPORTANTE: Todo equipo ten que cumprimentar telemáticamente en "<http://www.fga.es/>" o formulario de inscrición. A falla de calquera dos datos requiridos no formulario de inscrición suporá o refusamento da mesma.

O prazo de admisión de inscricións pecharase seis días (Domingo) antes do inicio da proba, e a publicación da lista de inscritos se fará tres días antes da proba.

Salvo autorización da FGA un kart, e o piloto, pode inscribirse soamente nunha soa categoría. Os dereitos de inscrición serán satisfeitos na conta corrente nº:

ES24 2080 0298 6430 4001 4759 (ABANCA).

Establécense uns dereitos de **95 Euros**, aceptando a publicidade do organizador e dereitos dobres non aceptando a publicidade do organizador.

Adestramentos libres e oficiais: Son obrigatorios.

Artigo 4.- PREMIOS.

Os premios e Trofeos que se entregarán serán os seguintes:

Trofeo ós tres (3) primeiros clasificados de cada categoría:

ROOKIES	ALEVIN	CADETE/ROTAX	MINI	ELECTRIC CD	X30 Junior	X30 Senior	ELECTRIC X30
1º Trofeo 2º Trofeo 3º Trofeo	1º Trofeo 2º Trofeo 3º Trofeo	1º Trofeo 2º Trofeo 3º Trofeo	1º Trofeo 2º Trofeo 3º Trofeo	1º Trofeo 2º Trofeo 3º Trofeo	1º Trofeo 2º Trofeo 3º Trofeo	1º Trofeo 2º Trofeo 3º Trofeo	1º Trofeo 2º Trofeo 3º Trofeo

4 TEMPOS	ROTAX Junior	ROTAX Senior	ROTAX DD2	ROTAX MR1	KZ2 (ata 30 anos)	KZ2 (Máis de 30 anos)
1º Trofeo 2º Trofeo 3º Trofeo	1º Trofeo 2º Trofeo 3º Trofeo	1º Trofeo 2º Trofeo 3º Trofeo	1º Trofeo 2º Trofeo 3º Trofeo	1º Trofeo 2º Trofeo 3º Trofeo	1º Trofeo 2º Trofeo 3º Trofeo	1º Trofeo 2º Trofeo 3º Trofeo

Art. 5.- VARIOS.

a.) A publicidade obrigatoria para as cinco categorías será publicada en anexo a este regulamento.

b.) A oficina oficial da proba estará instalada no microbús da Federación, sito na liña de meta.

c.) O microbús terá instalada unha sirena de barco, de decibelios suficientes para ser escoitada en todo o parque de traballo/custodia; e soará unha vez, durante 60 segundos, para avisar dos cinco últimos minutos para posicionarse para a pre-grella para o inicio da manga. O Participante que non estea na grella de saída cando lle corresponda será penalizado con ter que saír na última posición da manga, ou si o tempo é de ampla demora será excluído a criterio exclusivo do Director da Proba.

Art. 6.- PUBLICIDADE.

A Publicidade proposta polo organizador será a seguinte:

Obrigatoria: EN COMPLEMENTO publicado ó efecto que será publicado e distribuído ós participantes con antelación suficiente para a súa pegada. Os concursantes que acepten a publicidade facultativa proposta polos organizadores deben reserva-los emplacements seguintes: EN COMPLEMENTO

Don VICENTE A. VAZQUEZ GOMEZ provisto da licenza do Colexio de Oficiais de Automobilismo de Galicia, co número DC1ª-0057-GA-AUT, solicito aprobación do presente Regulamento Particular da proba á Federación Galega de Automobilismo.

Asdo.: Director da Proba

N.I.F.: 34994872G

Licenza DC1ª-0057-GA-AUT

Entidade: Slow Rabbit Galicia

C.I.F.: G05338994

Asdo.: Presidente D. José L. Echevarría Alvarez

Licenza DC1ª-0111-GA-AUT





ANEXO I

RALLYES, RALLYMIX, MONTAÑA, AUTOCROSS-RALLYCROSS, KARTING, SLALOM, TRIAL 4x4, CONCENTRACIÓNS E RUTAS:

1.- Amparándonos no artigo 27.2 do noso Estatuto de Autonomía, onde Galicia ten a competencia en materia de deporte en "**exclusiva**", por acordo de Xunta Directiva e Comisión Delegada, de data 1 de Outubro de 2020, e refrendo da Asemblea, emitirase "**LICENZAS AUTONÓMICAS DE GALICIA-EXCLUSIVAS**" que habilitarán para participar en probas Autonómicas de Galicia.

A Federación Galega de Automobilismo entende que é posible a convivencia de ambas licenzas (**LICENZA AUTONÓMICA DE GALICIA-EXCLUSIVA E LICENZA AUTONÓMICA ÚNICA-ESTATAL**) a vista do declarado polo Tribunal Constitucional en sentenza 32/2018 do 18 de abril de 2018. Así mesmo en apoio desta tese, o Xulgado Central do Contencioso Administrativo Número 2, de Madrid, ditou sentenza do 22 de Setembro de 2020 nos autos de recurso contencioso administrativo 13/2019 na que estimando a demanda interposta polo Presidente da Federación Galega de Piragüismo fronte a resolución do 8 de marzo de 2019 do "Tribunal Administrativo do Deporte" declara a nulidade da mesma e condena as demandadas, "Tribunal Administrativo do Deporte" (do C.S.D.) e "Real Federación Española de Piragüismo" a pasar pola devandita declaración. Déixase polo tanto sen efecto as sancións, económica e de inhabilitación, que se lle impuxeron ao Presidente da Federación Galega de Piragüismo por emitir "**LICENZAS AUTONÓMICAS DE GALICIA-EXCLUSIVAS**" nas tempadas de 2015, 2016, 2017 e de 2018.

Na resolución ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo Número 2, de Madrid, polo que ós licenciados de Galicia lles interesa razoase que:

Como resultado das alegacións das partes a F.G. de P. só ingresou a R.F.E. de P. a parte correspondente a mesma das "**LICENZAS AUTONÓMICAS ÚNICAS-ESTATAIS**" tramitadas na Galicia, e non así as da parte das "**LICENZAS AUTONÓMICAS DE GALICIA-EXCLUSIVAS**", por entender que coexisten estes dous tipos de licenzas, e que non procede neste último caso.

O Tribunal Constitucional na súa sentenza de pleno, número 33/2018, de 12 de Abril do 2018, recurso de inconstitucionalidade número 3447/2015, apreciou a inconstitucionalidade do que se denomina efecto "**transversal**" ou "**horizontal**" da "**LICENZA AUTONÓMICA ÚNICA-ESTATAL**", non o "**vertical**" o que impide declarar a nulidade do precepto impugnado no seu conxunto, o artigo 23 da Lei 15/2014, de 16 de setembro, da racionalización do sector público, polo que se modificou o apartado 4 do artigo 32, da Lei 10/1990 do Deporte, realizando no seu lugar unha interpretación do mesmo conforme á Constitución (FJ 3º Letra F).

Trátase dunha resolución xudicial que xunto á xa mencionada do Tribunal Constitucional supón devolver ás Federacións Autonómicas de Galicia as "competencias exclusivas" de que foron privadas coa modificación do artigo 32.4 da Lei 10/1990 do Deporte.

- Ademais nun momento como o presente no que as dificultades para o "**deporte de base**" víronse agravadas pola pandemia do Covid-19 supón unha conquista para o Deporte Autonómico de Galicia xa que suporá abaratar custos (o 90% só participan en probas autonómicas de Galicia) ós deportistas que unicamente queren participar en probas autonómicas e poderán obter unha "**LICENZA AUTONÓMICA DE GALICIA-EXCLUSIVA**" cun custo inferior.

A decisión tomouse para beneficiar economicamente os licenciados autonómicos, que participarán con "**Licenza Autonómica Galicia-Exclusiva**" en probas autonómicas (non estatais) co conseguinte abaratamento.

2.- A vista de que varias federacións non esixen para a obtención de licenza de piloto ser titular dun permiso de condución como modo de verificar que o condutor ten os requisitos de capacidade, coñecementos, e habilidade necesarios para a condución dun vehículo, que establece o artigo 61 da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, a **Federación Galega de Automobilismo non permite a participación de pilotos que non estean en posesión dun permiso de condución, expedido pola D.G.T. ou organismo equivalente doutro país, para poder conducir un vehículo de competición en vía pública**, con ou sen proba deportiva, aínda que estean en posesión dunha licenza federativa. Os maiores de 16 anos e menores de 18 anos só poden participar, estando en posesión de licenza federativa de piloto, en circuitos pechados (circuíto de velocidade, circuíto de autocross, ou circuíto de karting).

3.- Por acordo Asembleario, de 13 de xaneiro de 2007, a solicitude e obtención de calquera tipo de licenza da F.G. de A. (Organizativa ou Participativa), **implicará a cesión de forma expresa nas competicións oficiais, da "Federación Galega de Automobilismo"**, a todo dereito de imaxe, que en todo caso deben considerarse cedidos á "Federación Galega de Automobilismo" para a súa venda, promoción, e difusión pública do Automobilismo Deportivo de Galicia.

4.- Para garantir a responsabilidade a que houbese lugar da Escudería organizadora, e do participante, e cubrir os danos que se puideran ocasionar nos labores de asistencia, a Xunta Directiva-Comisión Delega aprobou a seguinte normativa de obrigado cumprimento que estará vixente a partir da tempada 2020, inclusive, para as modalidades de Rallyes, Montaña, RallyMix, Autocross, Karting, Trial 4x4, Concentracións, Rallyes 2ª Categoría, Slalom, e demais eventos a celebrar en Galicia: A.- **Para cumprimentalas follas das inscricións terase que indicalo nome, apelidos, e número da licenza do membro que faça as labores de asistencia. B.- O licenciado que se designe como asistencia, de cada participante, non pode desempeñar a mesma función de asistencia para outro participante na mesma proba.** C.- Todo participante que non sinala na folla de inscrición o nome, apelidos, e licenza da súa asistencia, nos termos antes establecidos será penalizado no inicio das probas, nos Campionatos antes mencionados, coa non autorización a tomala saída.

5.- **Tódolos Campionatos, Supercampionatos, e Copas de Galicia, a partir da tempada 2022 inclusive, serán considerados "OPEN"; agás a PXP 23 Junior, as Fórmulas de Promoción, e para participar e puntuar nestas, só se poderá coas Licenzas Autonómicas de Galicia Exclusivas.**

6.- Na reunión extraordinaria de Xunta Directiva/Comisión Delegada da "Federación Galega de Automobilismo", adoptouse de forma unánime o establecemento de que todos os Campionatos de Automobilismo de Galicia, na tempada 2022, sexan considerados "Open".

7.- Así mesmo, e como se puxo de manifesto na Asemblea da "Real Federación Española de Automobilismo", **non serán expedidas nen admitidas para participar en competicións oficiais que se celebren en Galicia, nen forman parte da regulamentación deportiva da "Federación Galega de Automobilismo", os permisos de participación (ER, COR, PPP, PPC, PPK)**, posto que son permisos que outorgan dereitos restrinxidos ou limitados a deportistas, oficiais, etc., e que non permiten a súa integración plena na "Federación Galega de Automobilismo", e por tanto incumpren o disposto na Lei 3/2012, de 2 de abril, do Deporte de Galicia que establece no seu Artigo 28, en canto a expedición e contido das "**Licenzas Autonómicas de Galicia-Exclusivas**", no seu apartado terceiro, que no seu caso, estas outorgarán, ao seu titular a condición de membro da Federación Galega de Automobilismo, **que o habilita para participar nas súas actividades deportivas e competicións, e acredita a súa integración na Federación Galega de Automobilismo, con dereito a voto, e ser elixible nos procesos electorais da Federación Galega de Automobilismo.** As Licenzas Autonómicas Únicas Estatais, por aplicación legal, impiden que os seus titulares se integren, con plenos dereitos, na Federación Galega de Automobilismo.

8.- A Licenza que da **dereito a voto**, e ser elixible nos procesos electorais da "Federación Galega de Automobilismo" e a "**Licenza Autonómica de Galicia-Exclusiva**". A "**Licenza Autonómica Única-Estatal**" non da ningún dereito a voto, nin outorga a condición de elixible nos procesos electorais da "Federación Galega de Automobilismo".

9.- Poderase participar e puntuar, sen ningún tipo de discriminación, en tódolos Campionatos de Galicia de Automobilismo coa "**Licenza Autonómica Única-Estatal**" e coa "**Licenza Autonómica de Galicia-Exclusiva**".

10.- **Se calquera licenciado autonómico quixera ampliala súa licenza a Autonómica Única-Estatal terá que aboar, a maiores, o 25% que se lle ten que aboar a "Real Federación Española de Automobilismo" mais quince euros de gastos de tramitación, impresión, envío por mensaxería, e notificación de alta no arquivo da "Real Federación Española de Automobilismo".**

11.- **Convivencia da "Licenza Autonómica de Galicia-Exclusiva" e da "Licenza Autonómica Única-Estatal" para a tempada de 2022 e vindeiras.**